

# ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA



TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA I



## TEMA 2

# Simulacións en Tinkercad


**PRÁCTICA: ANÁLISE DE CIRCUÍTOS POR KIRCHHOFF..... 3**  
1. Comprobación da lei de mallas..... 3

# PRÁCTICA: ANÁLISE DE CIRCUÍTOS POR KIRCHHOFF



## 1. Comprobación da lei de mallas

O obxectivo desta práctica é comprobar que se cumpre a lei das mallas de Kirchhoff para o seguinte circuíto.



O procedemento para comprobalo é o seguinte:

- Resolve o circuíto no teu caderno empregando a lei de mallas:
  - Calcula a intensidade de corrente en cada malla.
  - Calcula a voltaxe en cada resistencia.
- Fai unha foto do problema resolto e súbea á entrega correspondente da aula virtual.
- Implementa o circuíto en Tinkercad e fai as seguintes medicións:
  - Mide a intensidade de corrente en cada malla. Garda o circuíto co nome **práctica1\_1**.
  - Mide as voltaxes en cada resistencia. Garda o circuíto co nome **práctica1\_2**.
- Correspóndense os valores calculados de forma teórica cos simulados?**